

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (escusa a non asistencia)

Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos (substitúeo como Presidente)

José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Margarita González Hernández, Xefa da Sección de Emprego e Programas (Secretaria)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO, escusa a non asistencia)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

María Fariza Novoa (CCOO)

José Santiago Santos García (UXT)

Xoan Cebro Rodríguez (CIG, escusa a non asistencia)

Acta da reunión celebrada ás 12:30 horas do 19 de abril de 2013, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta do 19 de decembro de 2012.
2. Cobertura da praza de Técnico Superior Veterinario.
3. Informe das contratacións realizadas dende a última reunión.
4. Rogos e preguntas.

María Luisa Magaz Ledo substitúe a Manuel Marcos García, segundo notificación realizada polo Comité de Empresa de Pontevedra.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 19 DE DECEMBRO DE 2012.

Luis Pérez solicita que se envíe tamén a acta do 17 de outubro de 2012 para comprobar que se incluíron as matizacións propostas na reunión do 19 de decembro de 2012. Apróbbase a acta.

2. COBERTURA DA PRAZA DA CATEGORÍA DE TÉCNICO SUPERIOR VETERINARIO.

O Vicexerente de Recursos Humanos explica que a obra do edificio do animalario está rematada pero que non se pode utilizar ata que se remate o CIMBIO na planta

superior. Entre as funcións do edificio estarán a de produción de animais para experimentación e a utilización destas instalacións polos grupos de investigación. Isto fai necesaria unha dotación mínima de persoal consistente en 1 Veterinario e 2 Técnicos Especialistas de Animalario. Cómpre a contratación do Veterinario con anterioridade á posta en funcionamento do edificio, xa que será esta persoa a encargada de organizar as instalacións e ter todo a punto para o inicio das actividades, mentres que se deixa para máis adiante as convocatorias dos Técnicos Especialistas de Animalario.

3. INFORME DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS DENDE A ÚLTIMA REUNIÓN ATA A ACTUALIDADE.

Luis Pérez pregunta pola contratación parcial por substitución de Marta Abal, Margarita González indícalle que a traballadora substituída ten unha redución de xornada por semanas alternas, polo a persoa que a substitúe ten contratos semanais.

Luis Pérez tamén comenta que están sen actualizar na web as listas de espera de Técnico Especialista de Biblioteca e Auxiliares Técnicos de Servizos Xerais, ademais no caso das listas de Técnico Especialista de Transporte e Distribución e de TEB non están incluídas as persoas que as conforman a partir da última ampliación. Continúa referíndose ao caso recentemente acontecido de incorporación prevista ao seu posto dunha traballadora que se atopaba de baixa, o que ocasionou graves trastornos nas persoas que a substituían, sobre todo no traballador con contrato temporal e destino en Ourense que foi avisado ás 9 da mañá de que non podía continuar traballando. Suxire que se debería dispoñer dun protocolo de actuación para estes casos. José Fernández Viña indica que este tipo de disfuncións se derivan pola elevada mobilidade que se deriva dos criterios de cobertura acordados, que se trata de casos puntuais, nos que en ocasións se depende da vontade das persoas e outras aínda que a persoa non tiña previsto a súa incorporación o facultativo pode darlle o alta.

Por último Luis Pérez consulta cal é o criterio temporal nos encadeamentos de contratos, cómo se interpreta a lexislación actual en canto ao cómputo dos 3 anos. José Fernández Viña resposta que cando existe unha prórroga, esta non supón novo contrato, se non que é un único contrato.

Ángel Torreiro intervén preguntando pola persoa que o substitúe, xa que no cadro resumo non aparecen todas as datas dos contratos por días. Ademais consulta se non sería posible unir todas as horas que el vai estar con traballos sindicais para facerlle un só contrato á persoa que o substitúe, ademais tanto él como María Fariza preguntan que se Ángel está os martes traballando porque á traballadora temporal non se lle fan os contratos de mércores a luns, que ademais o sistema actual de contratos estalle a supor un problema administrativo a esta persoa polas altas e baixas no INEM e o cómputo de

períodos para ter dereito ao paro. Santiago Santos indica que non ve problema en facerlle un contrato por bolsa horaria.

O Vicexerente de Recursos Humanos dí que revisará esta opción, despois de consultala co Servizo de Retribucións e Seguros Sociais.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Ángel Torreiro, en relación ao remate dos contratos dos PTAs e similares, se son servizos esenciais pregunta se a Xerencia ten previstas convocatorias de lista de espera para seguir ofertando ditos servizos. O Vicexerente contesta que non ten os datos pero que estudará este asunto.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13:30 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.